



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 1 DE

### OUTUBRO DE 2012

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día un de outubro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Fernando Caride Suárez.

Asiste dona Verónica Maria Otero López, técnica de xestión de administración xeral, por delegación da secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 24 de setembro de 2012.**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 24 de setembro de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

#### **2º.- Correspondencia.**

- Lei orgánica 4/2012, de 28 de setembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. (Boletín Oficial do Estado número 235 de data do día 29 de setembro de 2012).

- Escrito de Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña, rexistrado de entrada con data do día 24 de setembro de 2012 co número 13.126, no que comunica que se aproba o pagamento ao Concello de Cambre da cantidade de 366.883,19

euros correspondente ao 60% do importe da achega da Deputación, de conformidade co convenio subscrito para o financiamento das obras da casa da cultura de Cambre.

- Escrito da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural e do Mar, Xunta de Galicia, rexistrado de entrada con data do día 26 de setembro de 2012 co número 13.279, ao que achega exemplar do convenio de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Cambre para realizar as obras de infraestrutura rural “mellora do camiño de Volteiro e outros”.

- Escrito da sección de Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, rexistrado de entrada con data do día 28 de setembro de 2012 co número 13.517, ao que achega o convenio asinado por este concello relativo ás actuacións adxudicadas ao abeiro da Rede cultural do ano 2012.

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación**

Don Felipe Andreu Barallobre informa respecto dos contratos que están a punto de vencer:

- seguro dos vehículos,
- póliza de bens e limpeza de edificios: sinala que xa se remitiu a oportuna providencia á sección de obras e servizos,
- “as novas tecnoloxías: cursos de aula aberta”: sinala que este contrato vence o 30 de decembro e no departamento de contratación aínda non se conta co prego de prescricións técnicas,
- conservación e mantemento do alumeadado público: sinala que hai que prorrogalo ou sacalo novamente a licitación.

Neste punto o señor alcalde interésase polo procedemento que se está a seguir para a reposición do cableado do alumeadado público e o concelleiro delegado da área de contratación, don Felipe Andreu Barallobre, contéstalle que se saca a licitación.

O señor alcalde apunta a necesidade de repoñer o antes posible todo o cableado sustraído e don Felipe Andreu insta á concelleira de economía e facenda, dona Marta María Vázquez



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Golpe, para que no próximo proxecto de orzamento inclúa nas bases de execución unha previsión para que o concelleiro delegado da área de obras e servizos poida adxudicar directamente a reposición de cableado do alumeadado público.

Tamén informa don Felipe Andreu Barallobre que o pasado venres tivo lugar a última proba para prover a praza de coordinador de actividades culturais e educativas. Engade que, por puntuación, xa se coñece a persoa para o citado posto e, como se trata dunha persoa que xa estaba a traballar aquí, haberá que falar co concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado para saber se se necesita cubrir a praza que agora queda vacante.

Para finalizar a súa intervención, don Felipe Andreu Barallobre informa que hoxe se incorporaron seis persoas para o servizo de Protección Civil, incluídas dentro do Plan de cooperación da Xunta de Galicia.

#### Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que na área da Axencia de Desenvolvemento Local realizarán unha pequena reforma, utilizando os locais de cultura, para que as técnicas que agora están con máis xente na oficina poidan ocupar estes despachos, co fin de mellorar a privacidade de cara aos veciños atendidos.

A seguir, a concelleira informa que este fin de semana terá lugar a feira de oportunidades “Templestock”. Será no polideportivo do Temple os días 6 e 7 de outubro.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Diaz informa que xa están traballando nas “Casas Bailly” para os efectos de pechar a planta baixa.

A continuación, tamén informa que se está á espera dun informe arqueolóxico respecto do achado de restos romanos de acueducto no campo da feira.

Dona Rocio Vila Diaz informa que hoxe ten unha reunión co enxeñeiro para os efectos de executar algúns avais, un dos cales se refire á unidade de execución nº 11, pois resulta imprescindible executar esta obra urbanizadora para proceder á construción do centro de día e da gardería.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez propón adquirir un cadro eléctrico itinerante co fin de podelo facilitar ás asociacións e comisións que solicitan cadros eléctricos para organizar festas e outros eventos de similares características.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro venres día 5 de outubro terá lugar o XXIII festival internacional de música de pulso e púa “Cidade de cristal”. Será ás 20,30 horas na igrexa de Santa Maria de Cambre e o concerto a cargo de “díuo Jorge Cardoso & Fabiano Borges” de Brasilia, Brasil.

A continuación, tamén informa que hoxe luns día 1 de outubro comeza a XXI semana micolóxica. As charlas serán do 1 ao 5 de outubro no centro sociocultural da Barcala e a exposición de cogomelos será o domingo, 21 de outubro no parque da Igrexa.

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que os vindeiros días 6 e 7 de outubro terán lugar as X xornadas castrexas. O sábado, día 6, faranse dúas conferencias: a primeira delas a cargo de don Antón Malde titulada “Pena Furada: a construción dun espazo ritual na Idade do Ferro” e a segunda a cargo de don Manuel Gago, titulada “A Torre dos Mouros: arqueoloxía pública e divulgación científica nunha fortificación da Costa da Morte”. O domingo día 7, terá lugar a excursión e visita guiada ao Castro de Monte do Castro, en Leiro, Besemaño, Ribadumia.

Tamén informa que hoxe día 1 de outubro remata o prazo de preinscrición para os cursos de “as novas tecnoloxías máis cerca” e comeza o prazo de preinscrición do curso de inglés.

Igualmente informa que os vindeiros martes e xoves terá lugar a representación Galicreques 2012 para os colexios no local da Xuventude de Cecebre e o venres 19 de outubro ás 19,00 horas para o público no centro sociocultural do Graxal.

Para finalizar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro sábado día 6 de outubro, ás 20,00 horas, terá lugar o XIV aniversario da coral de Cambre. Actuarán diferentes corais.

#### Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Dona Maria Jesús González Roel informa que se aprobou a realización da “Escola de nais e pais”, actividade dirixida ás familias con nenos cursando Educación Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato que se desenvolverá os meses de setembro, outubro e novembro de 2012. O obxectivo fundamental desta actividade será dar apoio educativo e psicolóxico ás familias axudándoas na difícil tarefa de educar, solucionando as súas dúbidas e explicando as diferentes etapas polas que van ir pasando os seus fillos. Este ano, como novidade, a actividade farase nos centros escolares, agás na parroquia do Temple, no Graxal, que será no local sociocultural. No Graxal houbo máis de cincuenta pais.

Engade que a actividade a imparte o equipo de traballo da asociación Adafad, de balde, dado que hai unha subvención da Consellería de Sanidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria



Verónica María Otero López

C.I.F. P-1501700-G